



**Asunto: Revisión da linguaxe na Universidade de Vigo**

O artigo 6 dos Estatutos da Universidade de Vigo declara o seu compromiso, seguindo os principios e normas internacionais, comunitarias e internas, coa promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres nas súas normas.

Así mesmo, o artigo 14 da *Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres* sinala como criterio xeral de actuación dos poderes públicos “ a implantación dunha linguaxe non sexista no ámbito administrativo e o seu fomento na totalidade das relacións sociais, culturais e artísticas”

Por outra banda, o artigo 17 da *Lei 7/2044, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes*, define o uso non sexista da linguaxe como “ a utilización de expresións lingüísticamente correctas substitutivas doutras, correctas ou non, que invisibilizan o feminino ou o sitúan nun plano secundario respecto do masculino”. No artigo 18 da mesma lei, establécese a necesidade da erradicación do sexismo na linguaxe institucional e social.

Por todo isto, o vindeiro 1 de xuño dúas persoas nomeadas bolseiras de colaboración na Unidade de Igualdade comezarán, coa supervisión da Área de Normalización Lingüística, a revisar os documentos publicados pola Universidade de Vigo e calquera forma de comunicación escrita emitida por esta.

Será necesaria a colaboración de todas as vicerreitorías, servizos, departamentos, centros ou unidades que conforman a estrutura da Universidade de Vigo para levar a cabo esta labor, facilitando, cando se soliciten, versións electrónicas susceptibles de modificación, de formularios ou documentos que xa están colgados na web de cada unidade estrutural e que será necesario adaptar a unha linguaxe non sexista.

Lembramos tamén que os novos documentos que se emitan deberán ser remitidos por vía electrónica á Unidade de Igualdade (igualdade@uvigo.es) para axustar a súa redacción a unha linguaxe inclusiva antes de proceder á súa publicación.

Agradecemos de antemán a vosa axuda.

Un saúdo

Vigo, 27 de maio de 2011

O REITOR



Salustiano Mato de la Iglesia

À TODAS AS VICERREITORÍAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO  
 Á SECRETARÍA XERAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO  
 A TODOS OS SERVIZOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO  
 A TODOS OS DEPARTAMENTOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO  
 A TODOS OS CENTROS DA UNIVERSIDADE DE VIGO